Dirección: Coirós de Arriba, 16
CP: 15316
Concello: Coirós, A Coruña
Teléfono: 981 79 64 14

CONCELLO DE COIRÓS

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Datos del Expediente:

Nº Expediente:	2026/E004/000001
Data expediente:	31/03/2026
Obxecto:	RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DO CONCELLO DE COIRÓS

En cumprimento do artigo 90.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, este Concello está a realizar a tramitación oportuna para aprobar a Relación de Postos de Traballo. O expediente incoouse por Decreto da Alcaldía núm. 331/2026 o 06/10/2026.

O artigo 37 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Publico aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, determina as materias que deben ser obxecto de negociación cos persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Contendo dita Relación de Postos de Traballo materias que deben ser obxecto de negociación, celebráronse as seguintes reunión da mesa de negociación: o 09/10/2026 tivo lugar a primeira reunión e o 23/10/2026 a segunda, na que se someteu a votación o documento proposto tras a fase de negociación, asinado dixitalmente o 21/10/2026. Sobre ese documento introducíronse cambios a fin de dar cumprimento ás peticións sindicais formuladas na mesa, que se plasman no documento definitivo asinado pola Alcaldía o 29/10/2026.

Visto o informe emitido pola Secretaría municipal o 06/10/2026, respecto do procedemento aplicable.

Visto o informe emitido pola Intervención municipal o 29/10/2026, en sentido favorable.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable, procedendo a súa aprobación polo Pleno da Corporación, de conformidade co artigo 22.2.i) da Lei de 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.

Por todo o cal elévase ao Pleno a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Relación de Postos de Traballo deste Concello, co texto que figura no expediente. A súa entrada en vigor producirase o 1 de xaneiro de 2027 ou, no caso de que non se publique antes desa data, no mes seguinte ao da publicación da aprobación definitiva.

Segundo.- Expor ao público a mencionada relación, durante o prazo de vinte (20) días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, durante os cales as persoas interesadas poderán examinala e presentar reclamacións ante o Pleno.

A relación considerarase definitivamente aprobada si durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Terceiro.- Unha vez aprobada definitivamente, a Relación de Postos de Traballo publicarase integramente no Boletín Oficial da Provincia e remitirase unha copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

Coirós, a xoves 29 de outubro de 2026.
O alcalde
Asinado: Francisco Quintela Requeijo

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: BYfSRk9Vqa6KC6njMdq/ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.coiros.es/